



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

## LISTA DE ASISTENTES

Álvarez Rodríguez, Pablo  
Barreiro Blas, Antonio  
Bravo Bernárdez, Jorge  
Fernández Fernández, Federico A.  
Gil Villanueva, José M<sup>a</sup>.  
González Crespán, Araceli  
González Pillado, Esther M<sup>a</sup>.  
Montero Muñoz, María  
Vaquero Díaz, M<sup>a</sup> Beatriz  
Varela Martínez, Iago

## DESCULPA ASISTENCIA

Allegue Agüete, Pilar

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral, que tivo lugar o día 21 de maio de dous mil dez ás 11:30 horas en primeira convocatoria e ás 12:00 horas en segunda.

O venres, día **21 de maio 2010**, ás 12:10 horas, na Sala de Xuntas da Xerencia, deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas da sesión ordinaria do 30 de abril de 2010 e extraordinarias do 4 e 14 de maio de 2010.
2. Recurso presentado por D. Ángel Alonso González contra o acordo da Xunta Electoral da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais por non admitir a súa inclusión no censo para as eleccións a Xunta de Facultade, así como a súa condición de candidato.
3. Proclamación provisional dos resultados das eleccións a Reitor, a representantes no Claustro e a representantes nos consellos de departamento.
4. Rogos e preguntas.

**Punto 1.** Aprobación, se procede, das actas da sesión ordinaria do 30 de abril de 2010 e extraordinarias do 4 e 14 de maio de 2010.

Alega a Prof<sup>a</sup> González Crespán que na acta do día 4 de maio non está incluída na acta como excluída. Acórdase a súa inclusión.

Apróbanse por asentimento as actas.

**Punto 2.** Recurso presentado por D. Ángel Alonso González contra o acordo da Xunta Electoral da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais por non admitir a súa inclusión no censo para as eleccións a Xunta de Facultade, así como a súa condición de candidato.

Expón a secretaria xeral o contido concreto do recurso onde o recorrente solicita a súa inclusión no censo para as eleccións a Xunta de Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.

Propónse aos membros da Comisión Electoral a desestimación do recurso, debido a que o recorrente non empregou os prazos establecidos no procedemento electoral para reclamar a súa exclusión do censo provisional.

Apróbase por asentimento.

**Punto 3.** Proclamación provisional dos resultados das eleccións a Reitor, a representantes no Claustro e a representantes nos consellos de departamento.

Apróbase por asentimento a proclamación provisional de candidatos a Reitor e Claustro presentada pola secretaria da Comisión.

**Punto 4.** Acordos sobre as incidencias acontecidas na sesión electoral e na xornada de reflexión.

Expón a secretaria xeral as incidencias acontecidas, ás que se fixo referencia na sesión do día 20 de maio.

1.- O Prof. Aquilino Santiago Alonso Núñez, como interventor para as eleccións a Reitor e Claustro no campus de Pontevedra, comunica que o candidato reitor por Nova Universidade está pasando por todas as mesas electorais do campus. Esta mesma situación é exposta pola Profª. Belén Fernández Souto.

En ambos casos comunican a situación por se ten algún tipo de repercusión no proceso electoral.

2.- Petición de voto a través de correo electrónico por parte de Concepción Báez, profesora da Facultade de Filoloxía e Tradución, durante a xornada de reflexión.

Expón a presidenta da Comisión o contido concreto do informe emitido por Xerencia no que se reflicte que o correo electrónico saíu da conta da Profª Báez, dirixido aos membros da Facultade de Filoloxía e Tradución unha vez iniciada a xornada de reflexión.

3.- Por parte dun membro da Comisión, o Sr. Varela, se comunica que a asociación estudantil ELGA colocou o día 19 de maio no seu blog, polo tanto, durante a xornada de reflexión, información relativa a unha das candidaturas coa intención de orientar o voto.

4.- Rodrigo Gonzalez López, en representación da asociación OPICO, presenta unha queixa contra Dna. Coloma Viudez Lomba por falta de respecto, incorrección cara a asociación OPICO, por conculcar a liberdade de expresión e a liberdade electoral e a concorrencia libre ás eleccións pola retirada de carteis desta asociación onde se pedía o voto. Acompaña fotografías.

5.- Incidencias en relación ao voto electrónico.

Expón a secretaria as incidencias acontecidas no Departamento T01 (de acordo co informe feito na sesión anterior polo Sr. Fernández) e que foron resoltas, as do T05 que intentaron resolverse nese momento e que non foron resoltas completamente aínda que non é posible determinar se as incidencias foron debidas a un problema do sistema de votación electrónica ou a circunstancias doutro carácter. Neste punto, fai referencia a presidenta ao informe sobre o voto electrónico realizado pola Vicexerencia de Novas Tecnoloxías e que se concretará nos próximos días para telo preparado para a sesión do día 26 de maio.

En relación á primeira incidencia, a Comisión Electoral entende que non é axeitada a forma de actuar do candidato de Nova Universidade dentro da xornada electoral, pero considera que neste momento xa non procede realizar ningunha amoestación dirixida ao mesmo.

En canto á segunda incidencia, acórdase pola Comisión que procede amoestar á Prof<sup>a</sup> Báez polo incumprimento da xornada de reflexión.

Sobre a terceira incidencia, a Comisión acorda facer un comunicado amoestando publicamente á asociación ELGA pola súa actuación contraria a normativa electoral.


Por último, se acorda remitir a documentación relativa á cuarta incidencia á Asesoría Xurídica para que se valore a conseguinte apertura dunha información reservada para clarexar a situación e adoptar as medidas oportunas.

**Punto 5.** Rogos e preguntas.

Debátese sobre o tema da capacidade sancionadora da Comisión Electoral e a necesidade de regular axeitadamente esta capacidade no futuro.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:20 horas do día 21 de maio de 2010 da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace da presidenta da Comisión Electoral.

A presidenta da Comisión Electoral



María Montero Muñoz

A secretaria da Comisión Electoral



Esther Mª González Pillado